



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e un.

De conformidade co establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) o Pleno reúnese a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente sinálase que existe un erro no punto primeiro (Aprobación da acta da sesión anterior) da acta da sesión ordinaria de 26/11/2020, na que se fai constar que ademais da aprobación da acta da sesión ordinaria de 29/10/2020, foi aprobada a acta da sesión extraordinaria de 04/11/2020, que non se levou a cabo. Acta da sesión extraordinaria de data 04/11/2020, o seu contido debe ser sometido a aprobación nesta sesión

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 4 de novembro de 2020 e a acta da sesión ordinaria de 26 de novembro de 2020, cuxas minutas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria, de data 4 de novembro de 2020, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de novembro de 2020, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veira Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente no se da conta de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+ 2021.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021 (BOP nº 205, de data 01/12/2020).

Visto que segundo o art. 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), cando a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes.

Visto que non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Visto que se consideraran motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes [art. 99.3.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP)]:

- O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.

Vistos os informes técnicos (Anexo V) dos investimentos a incluír no POS+ 2021 realizados polo técnico redactor dos proxectos técnicos, Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., nos que se informa sobre a imposibilidade de realización independente de cada unha das partes que integran estas obras, e no que se sinala:

Denominación do investimento	División en lotes	Motivos xustificativos da non división Art. 99.3.b) Lei 9/2018, de 8 de novembro (LCSP)
Camiño Aldeña a límite de Oroso e outro	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Camiño en Reboredo, Merelle e O Conde (Ordes)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Camiño de A Chan a Escola e outros (Montaos)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Camiño límite Mesía – AC-524 por Casal e Armada (Vilamaior)	Non	* Ser obra completa
Camiño Igrexa de Leira – Loureda – AC-409 e outros (Leira)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Camiño A Rúa – Carballedo (Buscás)	Non	* Ser obra completa
Pista dende AC-409 a Meitufe e outros (Leira)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Estrada de Mesón a Barcula e outro (Ardemil)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 22/01/2021.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que pregunta en canto ás obras en que se basea o Alcalde para propor estas obras, cal é a orde de preferencia para executar estes proxectos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que creen como sempre que todas as obras son necesarias e que todas as parroquias teñen as súas necesidades. Na proposta da Alcaldía non ven que se inclúa ningunha obra nas parroquias de Parada, Lesta, Beán, nin Pereira. Tamén votan en falta a inclusión de obras de arranxo de redes de abastecemento e saneamento. Saben que teñen un grave problema con iso, sobre todo na parroquia do Mesón.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que da proposta da Alcaldía van a executarse con total seguridade os proxectos un ao catro correspondentes á Acheга Provincial 2020. Do resto de proxectos correspondentes ao Plan Complementario xa veremos cales serán executados. Analizando o proxecto un, falta unha obra que levan tempo demandando, cuxa proposta foi rexistrada o 17/10/2017, que consideran que ten moita falta. A sorpresa é que non se pavimenta ata a estrada DP-3802, Ordes-Pontecarreira, non chegamos ata Folgoso, déixanse uns 350 m sen pavimentar. A desculpa imaxinan que é porque é o límite con Oroso, que coincide polo medio coa estrada nesa zona. Pregunta se contactaron co concello de Oroso para darlle unha solución para evitar deixala como pretenden. Non en sentido non completar a pavimentación do vial. Preocúpalles tamén o proxecto catro no que a pista principal en Vilamaior que enlaza Mesía co AC-524, vai a ser pavimentada con rego asfáltico. Esta obra foi proposta para o POS+ 2020, que solicitaron con aglomerado. Resulta unha barbaridade propoñer pavimentar tres quilómetros seiscentos dez metros da pista principal da parroquia de Vilamaior co tráfico que soporta e que ao mesmo tempo se propoña a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

pavimentación con aglomerado de ramais con moito menos tráfico e moitas menos vivendas, non se opoñen a elo. Pero o rego asfáltico na pista principal de Vilamaior vai a durar dous telexornais. Se continúan ollando a proposta encontran outro caso similar a pavimentación da estrada que enlaza a Rúa con Buscás, obra que se inclúe no Plan Complementario. Levan anos pedindo o seu arranxo, rexistrada o 17/10/2017, para POS+ 2018. Ten bastante falta. Volve a propoñer dous quilómetros de rego asfáltico. Non se adica un so euro á dotación de servizos básicos de abastecemento e saneamento, a pesar das carencias que teñen neste sentido, incluso comparándose con concellos do noso entorno. Parroquias como Barbeiros, Béan, Mercurín, Pereira, Vilamaior ou Buscás onde senón na totalidade ou en grandes partes non existen servizos municipais de abastecemento e saneamento, hoxe voltan a esquecelos. Veciñanza de Vilaverde, Canedo, Darefe onde a veciñanza leva pedindo en reiteradas ocasións a extensión da rede de abastecemento ata o núcleo. Outeiro en Poulo onde pediron a extensión da rede de saneamento dende Lavandeira. Exemplos de núcleos próximos a redes existentes hoxe volven a quedar esquecidos na proposta do Alcalde para este pleno. Proposta na que desvían 338.000 euros a gasto corrente o que suporá un aforro nese concepto nos orzamentos municipais que seguramente se deriven a obras. Na vez diso hoxe poderíamos ter solucionado moitas carencias que veñen de mencionar se eses 338.000 euros fosen empregados a tal fin. Con respecto a que estas obras non teñan sido executadas por falta de financiamento hai que recordar que no último ano desviáronse gran parte dos fondos cara o orzamento municipal como hoxe se desvían case catrocentos mil euros. Foi unha decisión do goberno que esas obras quedasen sen executar para este ano. Recorda unha comparación por que sempre andan coa mesma lea. A hemeroteca, se consulta calquera cidadán ordessiete.blogspot.com unha Nova de data 26/12/2012, o actual alcalde de Ordes tacha de benéfico 327.000 euros do DTC e 200.400 euros do POS 2012. Si esta cantidade é benéfica os 900.000 euros dos que están a falar hoxe e dos que levan falando ao longo destes anos supón que serán moito máis por que están a falar do dobre da cantidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde á pregunta do Sr. Viqueira Nouche por que estes proxectos e non outros, por que son proxectos que están esquecidos pola Deputación da Coruña. Se no seu día a Deputación da Coruña houbera cumprido os seus deberes e aportase financiación, estes proxectos xa foron aportados e valorados polo pleno con anterioridade e non terían que estar hoxe aquí falando deles. Esta é basicamente a principal necesidade, hai un compromiso e moitos veciños son coñecedores de que estas obras se van a facer, que se querían facer ou que se deben de facer. Teñen que recuperar os proxectos de 2017, 2018 e todos os do plan complementario de 2020 para poder sacalos adiante. O mesmo lle di ao Sr. Iglesias Vieites, non se centrou nin un minuto en mirar os proxectos, por que senón habería buscado se había algo de abastecemento ou saneamento. Recomendalle que revise os proxectos e a ver se ten a sorte de encontrar algunha partida de abastecemento e saneamento. Hai estas partidas dentro dos proxectos que se lle fixeron chegar coa convocatoria do pleno. Que non son os que lle houbera gustado a vostede. Como é habitual no Sr. Vidal Ríos, a súa indiferencia co criterio dos técnicos, co criterio deste goberno e loxicamente co criterio maioritario da veciñanza. Pedir é moi fácil, gobernar e decidir é moito máis complicado. Mente e non se cansa de mentir. A día de hoxe non se puido facer ningún dos proxectos do POS+ 2020, unicamente conseguiron contratalos por que a Deputación da Coruña aprobou os proxectos no mes de setembro. E sorte tiveron de ter pasados os cartos a gasto corrente e facer os proxectos que necesitaban os veciños gracias aos orzamentos municipais, aos que votou en contra. As obras que a día de hoxe están feitas, cos cartos que chama desviar, están feitas gracias á xestión deste goberno e a proposta que no seu día levou este goberno para que no seu día se desviasen eses cartos, se trasladasen a gasto corrente e se puidesen financiar obras. Volve a mentir, onde están os 900.000 euros do POS+ 2021, 312.000 euros son de baixas aportadas e reinvestidas nesta anualidade. As contamos no ano 2017, 2018 e agora cando temos que saír na prensa a vender o maravillosos que somos na Deputación a pesar de non ter investido ningún euro no POS+ Complementario 2020. Temos agora unha cantidade gracias aos aforros dos concellos. Iso é ser mentireiros. Cuestiona a obra no Casal a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Armada por que vai en tres erre ou a da Rúa en Carballedo, e tampouco mira o proxecto. Deixemos traballar aos técnicos, que analizaron o terreo e viron que non se pode votar o aglomerado polo firme que hai hoxe e é necesario votar unha capa de triple rego previamente por que esas vías non cumpren as condicións axeitadas. Dentro de un ano ou dous cando corresponda xa se votará o aglomerado correspondente para que esa vía aguante cinco, dez ou quince anos que son os desexables polo tránsito que ten e a situación que presenta a día de hoxe. É moi fácil facer referencia ao que propuxo fai anos. Teñen valorados máis de vinte millóns de euros en obras para esta anualidade. Non as poden facer todas, claro que os veciños das parroquias piden. Se queren facer o abastecemento e saneamento de todo o termo municipal fan falta sesenta ou setenta millóns de euros. Non os temos. Hai que ir pouco a pouco. Levan investido máis de vinte e cinco millóns de euros en cinco anos. A vostede resúltalle moi fácil facer propostas. Non minta. Se naquel momento nos queixábase de que aquel POS era moi bo, o DTC era moi bo, había un PAI que era moi bo. Non desvíaa atención e diga que cando gobernaba o PP a Deputación tampouco se achegaba preto de un millón de euros cada ano. Entón si que había proxectos realistas, non esta película dos proxectos complementarios que se montaron vostede e despois non hai maneira de podelos executar. Remítase aos feitos cando se cansou de predicar, aí están as actas dos plenos, nos que dixó que nunca máis iamos a ver os fondos das baixas. Mira se os vimos nesta ocasión 312.000 euros. Aínda lles deben cartos. A día de hoxe seguen pendentes as baixas POS+ 2019 por 40.000 euros, as baixas do Plan Complementario por importe de 131.000 euros e a baixa da obra do POS+ 2020 que ten unha baixa de 14.000 euros. Vaian pensando cando lle van a devolver aos veciños de Ordes eses 191.000 euros. Deben tamén as baixas de dúas subvencións nominativas. A proposta do Alcalde trata de sacar adiante todos estes proxectos. Cumpran todo o que teñen que facer. As obras son de 2018 e 2020. Hai un compromiso dunha importante achega de máis dun 50% para proxectos complementarios e pode que incluso nos quedemos curtos. O fan saben cando temos convocado o pleno e poderíamos ter metido máis proxectos. O verán. O que lle pido ao PSOE e BNG é que lle pidan aos seus compañeiros da Deputación que aproben o POS+ canto antes. As obras deste tipo hai que facelas no verán. Non se pode aprobar o POS+ no mes de setembro, leva dous meses a licitación e adjudicación do contrato, para ter que facer as obras no inverno. Non pode seguir a tramitar así, prexudica aos concellos da provincia, non sucede nas outras provincias galegas. Quéixanse tamén os concellos que gobernan vostedes. Ante a nefasta xestión da Deputación da Coruña cada vez hai máis concellos conscientes de que hai que desviar o diñeiro a gasto corrente e facer directamente os proxectos dende o orzamento municipal.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que seguen a descoñecer cales son as preferencias. Si lles gusta que se invista en obras. O argumento da culpa da Deputación non lle parece moi comprensible. Como teñen maioría para aprobar a súa proposta van a absterse. Se a culpa é da Deputación teñen que esixilo onde teñen que esixilo e non aquí votándolle a culpa aos concelleiros que estamos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo co que dixó o compañeiro do PSOE. Non entende o ton no que se expresa. Xa están acostumbrados. As obras si que as miraron, ven parroquias que precisan algunhas obras pero tampouco veñen expresadas aquí. E se oíu algo do que dixó, díxolle que votaba en falta que se mellorase o abastecemento, non que non estivese incluído.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cree que non é necesario que alce a voz tanto. Están nun pleno telemático, se o quere escoitar máis forte dálle para arriba ao altafalante. Non é necesario poñerse así. Que vostede defende a súa postura e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

os grupos políticos da oposición a súa. O ten que aceptar, vostede estivo na oposición moitos anos, agora está gobernando e seguramente acabe saíndo tamén como todo o mundo, nada é eterno. Non é necesario poñerse desta maneira, alá cada quen. Obras no verán, que o alcalde nos diga isto hoxe, pavimentando no mes de decembro na rúa da Canteira, estamos de coña. Debería aplicarse tamén o conto vostede do que lle esixe aos demais. Reitera que no 2012 vostede defendía que 512.000 euros eran moi beneficiosos para a veciñanza e levamos anos con un millón e pico de euros de investimentos da Deputación da Coruña, que vostedes son os encargados, por que teñen maioría absoluta, de decidir a que se destinan e a que non. Non por que haxa maior financiamento. Os recursos son limitados en Ordes e en todos os concellos. Gobernar é encargarse de decidir que necesidades da veciñanza se atenden e cales non. É decisión súa por que por que como xa non contan cos grupos da oposición, xa non lles piden propostas para este POS+ 2021 e ao finan pasan o rodillo e despois aproban o que lles da a absoluta gana, é lexítimo, para iso teñen maioría absoluta. Non consideran que sexa o correcto. Así vai, e despois queda xente de Darefe, Canedo, Villaverde e outros núcleos sen estender as redes a pesar de que pasan eses servizos municipais moi pretos aos seus núcleos. Non son capaces de atender ás demandas da veciñanza e de resolver os seus problemas. Vamos a recorrer novamente á hemeroteca. Mércores 26 de decembro de 2012 no mesmo blog anterior recóllese que o PP de Ordes denuncia a inmensa soberbia do goberno municipal “O grupo de goberno de Ordes deu unha resposta cunha chulería inadmisíbel para os cargos públicos. Aseguran que a tenente de alcalde respondeu en moitos dos casos cunha arrogancia impropia dun responsable público que ten entre as súas obrigas a de atender ás necesidades dos cidadáns”. Cree que deberíamos empregar estas palabras do 30 de maio de 2014 a tenor da intervención que fixo hoxe. Non creo que sexa necesario ter que recorrer a isto. Fai un chamamento a que aínda que non estea de acordo co que expresan os grupos municipais exista outro ton na corporación. Non é necesario chegar a estes extremos, reitera alá cada quen.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle chama moito a atención como lle gusta dar leccións, que sotanas se puxo ao lombo dun tempo para esta parte. Siga con ela, que lle teña bo proveito, que lle traia moi bos resultados, ata o de agora non llas trouxo. Non deixa de sorprendelhe que como ten a ben expresarse. Tratar de adoutrinar a todo o mundo e tratar de seguir a mentir. É un artista da mentira. Dillo con este ton. Cada un ten a súa maneira de expresarse. El utiliza o seu ton cando o considera oportuna, para que me poida entender e o teña claro. Se algo lle doe é que se minta, vostede minte moito. Non so lle minte a el, aos seus compañeiros, lle minte a toda a veciñanza á que trata de enganala. Iso non llo vai a seguir tolerando. Vostede siga co seu criterio, co seu argumento, coa súa demagogia ao expresarse, ao utilizar os medios de comunicación e redes sociais, nunca o vai a encontrar enfronte nese contexto. Siga por ese camiño, ten todo o seu dereito. O importante é ir sacando obras adiante. As obras que se sacan adiante contan co beneplácito dos técnicos que fan a dirección das mesmas. Cando hai que proceder a un rebacheo de urxencia nun determinado sitio hai que facelo, non se fai unha pavimentación completa dunha rúa como dixo fai un momento. Fíxose un rebacheo dunhas determinadas zonas onde había unhas roturas, fíxose a actuación sen ningún tipo de inconvinte. Segue sen entender e sen analizar por que non se pode votar un aglomerado en quente encima á estrada que vai do Peñasco pasando pola Armada ata límite con Mesía, nin o que sucede en Buscás por que non o quere entender nin lee o proxecto. Se o lese e analízase por que unhas veces se opta polo aglomerado e outras non, e analízase todas as medicións e partidas xa que é técnico, sacaría unha decisión máis acertada e agradecería que fose esa a decisión que se tome e máis beneficiosa tanto para o diñeiro público que se ten que investir como para a veciñanza, que vai a ter unha estrada en condicións por máis tempo como demandan. É unha estrada que foi arranxada a derradeira vez no ano 2015 por este goberno, aprobada polo goberno anterior, que comunica dende a Rúa a Carballedo. Vai en tres erre por que o explican os técnicos. Esas peticións das que fala igual se atopa coa sorpresa de que se conseguen sacar adiante cando se aproben os orzamentos municipais e se poidan levar a cabo ou incluso con outras medidas que ten ao seu alcance o goberno municipal para poder



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

facer actuacións que xa ten previstas nos vindeiros meses. O PP estando na oposición ou no goberno sempre votou a favor da proposta de obras a incluír no POS.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (3 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	383.005,75 €
Subtotal gasto corrente	383.005,75 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño Aldeña a límite de Oroso e outro	103.422,72 €	26.161,04 €	129.583,76 €
Camiño en Reboredo, Merelle e O Conde (Ordes)	52.777,87 €	13.350,30 €	66.128,17 €
Camiño de A Chan a Escola e outros (Montaos)	218.600,81 €	55.295,62 €	273.896,43 €
Camiño límite Mesía – AC-524 por Casal e Armada (Vilamaior)	100.994,01 €	25.546,68 €	126.540,69 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	475.795,41 €	120.353,64 €	596.149,05 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas no POS+ 2021 que se relacionan na táboa anterior.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182-6244-895-45812815	91.191,84 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		91.191,84 €

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00 €		0,00 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	383.005,75 €		383.005,75 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2020	475.795,41 €	120.353,64 €	596.149,05 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	91.191,84 €		91.191,84 €
TOTAL	Achega 2021	383.005,75 €	0,00 €	383.005,75 €
	Achega 2020	475.795,41 €	120.353,64 €	596.149,05 €
	Préstamo 2021	91.191,84 €	0,00 €	91.191,84 €
	TOTAL	949.993,00 €	120.353,640 €	1.070.346,64 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos técnicos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño Igrexa de Leira – Loureda – AC-409 e outros (Leira)	130.478,74 €
Camiño A Rúa – Carballedo (Buscás)	76.125,27 €
Pista dende AC-409 a Meitufe e outros (Leira)	91.636,76 €
Estrada de Mesón a Barcula e outro (Ardemil)	321.907,46 €
TOTAIS	620.148,23 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que solicitará todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos técnicos incluídos polo Concello de Ordes no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021** da Deputación Provincial da Coruña, que se indican a continuación:

Denominación dos investimentos	Orzamento
Camiño Aldeña a límite de Oroso e outro	129.583,76 €
Camiño en Reboredo, Merelle e O Conde (Ordes)	66.128,17 €
Camiño de A Chan a Escola e outros (Montaos)	273.896,43 €
Camiño límite Mesía – AC-524 por Casal e Armada (Vilamaior)	126.540,69 €
Camiño Igrexa de Leira – Loureda – AC-409 e outros (Leira)	130.478,74 €
Camiño A Rúa – Carballedo (Buscás)	76.125,27 €
Pista dende AC-409 a Meitufe e outros (Leira)	91.636,76 €
Estrada de Mesón a Barcula e outro (Ardemil)	321.907,46 €

(*) O acordo de non división en lotes dos investimentos anteriores, xustifícase polo informe do técnico redactor dos proxectos técnicos das obras, de conformidade co establecido no art. 99.3



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), quedará xustificada no expediente de contratación.

7.- Declarar que non se solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

8.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4. APROBACIÓN PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+ ADICIONAL 1/2021

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021 (BOP nº 205, de data 01/12/2020), así como a Base 12ª reguladora do POS+ Adicional 1/2019 (BOP nº 225, de data 31/12/2020).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 22/01/2021.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tamén lle gustaría saber por que se destinan os cartos desta maneira aos servizos que manifestan, por que encontran máis vulnerable un campo ou outro, que preferencia teñen. A vista disto votarán.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que pregunta o mesmo que o PSOE.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como estas cantidades van destinadas a gasto social. Pensa que é un gasto conforme ás bases van a votar a favor. A raíz das palabras do Sr. Alcalde no punto anterior nas que me chamou mentireiro, eu podo dicirlle a vostede o mesmo, utiliza as redes sociais como as utiliza, e utiliza outras artes que tampouco me gustan demasiado. Non entra dentro dun pleno, nin desta corporación debater isto. Debemos cinguirnos ao punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non procede una maior explicación. Hai sete epígrafes aos que se poden destinar. Non hai ningunha dúbida segundos as necesidades dos servizos e os cálculos feitos polos técnicos como dixo fai un momento segundo a que se fai a distribución dos fondos para unha transferencia extraordinaria á Mancomunidade. Con ler os epígrafes está claro a onde se destinan esas partidas. Se van a ser beneficiosas para o desenvolvemento de todos estes servizos sociais que se prestan dende a Mancomunidade. Pide un voto unánime neste punto, por que cree que non é algo sobre o que hai que debater, é un traballo que teñen que facer técnicos á hora de distribuír todos e cada un destes fondos para aproveitálos da mellor maneira posible. Non vai a entrar en máis debates co Sr. Vidal Ríos, que é o rei da arte escénica, non é el. Non sabe se necesitan que lles aclare algo máis.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que si a distribución dos gastos se realiza en base a estudos técnicos non se van a opoñer.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén están de acordo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	232.124,69 €
---	---------------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.	50.000,00 €	0,00 €	50.000,00 €
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	50.000,00 €	0,00 €	50.000,00 €
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	35.000,00 €	0,00 €	35.000,00 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	420.000,00 €	339.300,00 €	80.700,00 €
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	20.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €
T O T A L	579.500,00 €	339.300,00 €	240.200,00 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

6. MOCIÓNS.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Na senda peonil que transcorre dende a rotonda do Paraíso ata A Costa / Outerio (Poulo) a carón da AC-524 existen moito tramos nos que non dispón de gardarraís entre a calzada e a nova senda. Ao noso entender esta vía presenta algúns riscos que deben ser tidos en consideración:

- Por este tramo de estrada circula a diario gran cantidade de vehículos, moitos deles de grande tonelaxe, para acceder á autoestrada.
- Existen zonas sombrías ás que non lle dá o sol, sobre todo ás primeiras horas da mañá, podendo formarse placas de xeo na calzada.
- Por outra parte, a proximidade ao río provoca que poidan producirse néboas que dificultan a visibilidade.
- Este tramo de estrada presenta tamén pendentes pronunciadas e cambios de rasante que poden orixinar accidentes ou riscos para os peóns.
- A velocidade máxima a que se pode circular é de 70 quilómetros en parte do tramo e de 90 quilómetros noutras partes.

Ademáis, na segunda rotonda que conecta esta vía coa estrada que vai ao polígono industrial por Buscás, a senda tamén carece de gardarraís, como se pode ver nas imaxes, sendo este quizais un dos puntos que pode entrañar máis riscos para os/as usuarios/as que paseen pola senda.

Por iso, dende Unión por Ordes cremos que para previr posibles atropelos, esta senda debería ser dotada de gardarraís, no seu recorrido, en especial nas proximidades da rotonda citada anteriormente.

Acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que se dote esta vía de gardarraís cando transcorre a carón da senda peonil coa finalidade de previr posibles accidentes por atropelos de usuarios/as da mesma.”

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción anterior si ten cabida no punto de rogos, polo que non vai a apreciar a súa urxencia. Se a convirte vai a serlle respostada, senón votarán en contra

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que se trata de instar unha actuación da Xunta de Galicia. É unha moción. Quedan informados do seu contido.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A finais do ano 2020, o alcalde saíu nos medios de comunicación anunciando que o concello de Ordes dispón de 5.223.000 € en tesourería. Isto evidencia que a baixada do tipo impositivo do IBI ao 0,45% que propuxemos desde o BNG para o ano 2021, era mais que viable a pesar da negativa do alcalde e a súa equipa de goberno, e por outra banda ven a demostrar que o alcalde non sabe en que investir os fondos dos que dispón.

Desde o BNG vimos demandando desde fai moito tempo políticas que aposten realmente por unha dotación de servizos públicos de saneamento ou de abastecemento de auga no rural do noso concello. Que a día de hoxe existan no noso concello parroquias nas que non existe ningún tipo destes servizos públicos, supón unha clara mostra do esquecemento e abandono no que se atopan sumidas.

Por outra banda, mentres que noutros concellos os gobernos locais apostaron por impulsar políticas encamiñadas a fomentar o consumo nos establecementos comerciais e hostaleiros do seu municipio (véxase por exemplo os bonos do concello de Carballo que tan bo resultado deron para os citados sectores, beneficiándose ademais a veciñanza); en Ordes as axudas limitáronse a unha subvención nominativa de 66.000 € para a asociación de comerciantes, nun claro intento do alcalde para sacudirse o problema e a responsabilidade sobre as políticas aplicadas.

O alcalde gábase nos medios de comunicación de dispor de 5.223.000 € en tesourería, mentes o acceso en Ordes a unha vivenda segue a supoñer unha odisea, especialmente para a xente moza e para as familias con escasos recursos, mais aínda coa excesiva escalada do prezo dos alugueres nos últimos tempos.

Aplicando políticas encamiñadas cara a adquisición de obras que quedaron paradas trala crise do ladrillo, o concello podería “matar varios paxaros dun tiro”, como adoita dicirse. Por unha banda, co remate das obras obtería vivendas que poden ser destinadas a vivendas de protección oficial, co cal facilitaríase o acceso ás mesmas a familias con escasos recursos ou xente moza que procure a súa primeira vivenda. Por outra banda, impulsaríanse políticas orientadas a rematar co denominado “feísmo”, claramente presente nas rúas que dispoñen de obras nesta situación. Cabe destacar que con estas actuacións, o concello obtería ademais locais situados nos baixos dos citados edificios, os cales poden ser acondicionados para ofertar novos servizos á veciñanza.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a levar a cabo os trámites precisos para investir parte dos fondos existentes en tesourería nos seguintes ámbitos:

- 1.200.000 € para dotación de redes municipais de saneamento e abastecemento de auga no ámbito rural do noso concello.
- 400.000 € en campañas de impulso e dinamización do comercio e da hostalería, organizando campañas como a levada a cabo polo concello de Carballo, con bonos onde ademais dos citados sectores, a propia veciñanza é beneficiaria destes fondos dun xeito equitativo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

- 3.000.000 € para a adquisición dalgunhas das obras que quedaron abandonadas trala crise do sector da construción, co gallo de retomar a construción das mesmas, obtendo deste xeito inmobles para destinar a vivendas de protección oficial. Ademais deste xeito, o concello obtería locais nos baixos dos edificios, que poden ser acondicionados para dispor novos servizos nos mesmos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que acolléndose ao regulamento vai a explicar por que non votan esta urxencia. O grupo de goberno podería expoñer múltiples motivos para a oposición a esta moción, pero dado o contexto da miña, a mais lóxica de todas e opoñerse a súa urxencia. Primeiro, a política de gasto e investimento é competencia do alcalde e en consecuencia do seu equipo de goberno. Segundo, o voceiro do BNG, confunde, algo que resulta preocupante, a tesourería das arcas municipais, co remanente orzamentario para gastos xerais. Moi lonxe de ter nada que ver, polo que o fondo dos acordos quedan completamente desvirtuados. Terceiro, como ven sendo habitual emprega unha exposición de motivos para proferir ataques e case descualificacións contra o alcalde de Ordes, faltando a verdade, e unicamente buscando o titular e a foto, así como ter algo do que falar nas redes sociais. Siga nesa liña, que é a que mellor se lle da e a que tan bos resultados lle está a traer, e que agardemos siga sendo así no futuro. Cuarto, a presente moción carece de fundamento contable, e non se solicitou en ningún momento a análise por parte do departamento de intervención municipal, quen xa ten advertido en múltiples ocasións do risco de gastar todo o remanente, dada a situación de baixada de ingresos que imos a vivir de cara a 2022 e posiblemente nos anos seguintes, a partir do que sexan as transferencias das participacións do estado aos municipios. Dito isto compre engadir, ata a situación actual que estamos a vivir derivada da pandemia pola covid-19, aparte da estabilidade orzamentaria era necesario cumprir a regra de gasto, polo que o remanente orzamentario non podía adicarse a calquera fin, nin a cantidade suxeita a incorporacións como suplemento de crédito, eran as que un alcalde ou goberno quixeran, senón unicamente as que permite a lexislación. Esa medida non cambiou, e polo tanto, non se pode pretender alegremente distribuír centos de miles e millóns de euros, sen primeiramente ter clara a situación real da liquidación do exercicio 2020. Pois como todos os anos anteriores, e vostede Sr. Vidal, xa leva uns cuantos na corporación, a liquidación tratase de tela formalizada ao remate do mes de febreiro do ano presente, o seguinte do exercicio económico que se contabiliza, e será nese momento cando finalmente coñezamos o estado do remanente dispoñible total, que non é a cantidade final que vaiamos ou poidamos gastar. A previsión apunto a unha cifra en torno aos tres millóns de euros. No referente as acusacións das axudas, e sacudir problemas e responsabilidades, nin a pena vale valorar, a quen unicamente sabe empregar palabras necias, e moi baleiras de contido. Queda claro, finalmente que o voceiro do BNG está moi preocupado pola xestión dos recursos públicos, os aforros acadados, as inversións reais acadadas que xa superan os vinte e cinco millóns de euros en pouco mais de cinco anos, a eliminación da débeda bancaria, ...etc. Sr. Vidal Ríos, a vostede dáme que se lle revolve o estómago co bo resultado da xestión sería e rigorosa imposta dende xullo de 2015, que permite cadrar as contas ano a ano, facer inversións e pagar a provedores e empresas de servizos moi por encima da media dos concellos galegos, e non polas súas carreiras nocturnas no máscara. Os ordenses elixiron un goberno en maioría o pasado 26 de maio de 2019, e actualmente a poboación está mais que farta de demagogia, confrontación, e ataques sen sentido por parte de aspirantes políticos. O realmente importante é estar ao carón da veciñanza, dos problemas reais dun colectivo; e moi lonxe de facer política por faladuras ou intereses persoais dunha persoa ou varias, que normalmente atentan contra o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

interese xeral. Sr. Vidal Ríos, acepte os resultados, cumpra co regulamento orgánico de funcionamento cando se lle esixe dende a presidencia, e claro que está no dereito de presentar as propostas que considere xustas; pero a vez os demais estamos no dereito de rexeitalas e non debatelas si así o consideramos oportuno. Non escapamos de nada, simplemente que queremos cumprir os nosos compromisos, e o noso programa electoral, non as súas ocorrencias e propostas irreais. Por favor, pídolle que no sucesivo deixen de confundir con intencionalidade. Creame que é do peor que se lle pode achacar a un político, e mais a un, que aspirou e supoño aspirará a ser alcalde. Ante propostas así, con exposicións e acordos infundados, insisto, so útiles de cara a galería, a urxencia das mocións sempre vai contar co noso rexeitamento.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado ás persoas e/ou familiares que presenten problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional.

A loita contra a pandemia do Covid-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implementaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, deberes escolares ou fogares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de medidas e dispositivos de axuda a persoas sen fogar.

O impacto da pandemia foi e está sendo especialmente forte nas persoas máis vulnerables por mor da letalidade en persoas maiores ou con patoloxías previas, e os efectos devastadores do illamento en persoas con unha precaria rede de apoio. Por elo os concellos tiveron que incrementar e garantir os servizos esenciais habituais e dar resposta en paralelo as problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre. Os concellos tiveron que reaccionar fronte a nova demanda e seguir mantendo os seus servizos habituais, organizando recursos humanos e materias para non deixar a ninguén no camiño.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

A excepcionalidade da situación levou a unha reconfiguración das prestacións habituais para poder dar resposta ao aumento da demanda e ás novas circunstancias.

No pasado mes de abril, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo Covid-19. En concreto se informaba de que se incrementarían as horas mensuais aos concellos para coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, e unha maior aportación económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometeuse a asumir o copago dos usuarios da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade no mes de novembro a Xunta de Galicia anuncia a retirada deste servizo extraordinario aos usuarios dependentes que por mor da situación epidemiolóxica estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada.

Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custe que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considérase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total dos usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así como incrementar a aportación que fai a administración autonómica.

Dado que as administracións locais non foron quen de recibir ningún fondo extraordinario para enfrontar a pandemia e que cada concello fixo fronte aos seus sobrecustos en función da súa musculatura económica e organizativa, e dado os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, e polo que instamos ao Sr. Alcalde:

Que, en base ás competencias en servizos sociais que corresponden á administración autonómica, inste á Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copago dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica.

Que inste á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social e Presidenta da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, que sinala que non sabía que se podía fiscalizar á Mancomunidade a través dun rogo ante o concello de Ordes. Este non é o xeito. Non nega que os primeiros apuntamentos feitos non rogo son correctos. Estamos ante unha situación extraordinaria, complicada. Aproveita para agradecer o traballo do equipo humano que hai na Mancomunidade que fixo un esforzo extraordinario para estar a altura das necesidades. En abril a Xunta de Galicia anunciou o servizo de axuda no fogar extraordinario. Unha situación extraordinaria require medidas extraordinarias e temporais. Co peche dos centros de día incrementáronse as horas de SAF extraordinarias con pago da súa totalidade e fixéronse os Bonos Coidado. Non é certo que houbese unha presión xeneralizada sobre os servizos sociais municipais. Non é culpa da Xunta de Galicia que no ano 2020 fixo fronte ás necesidades derivadas da pandemia a través do SAF extraordinario, da tarxeta moedeiro, de ingresos de emerxencia social para persoas vulnerables. Pensen que un 70-75% do orzamento da Mancomunidade é aportación da Xunta. No ano 2021 tamén axuda a Deputación Provincial.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Sabe que fixo presión sobre os servizos sociais, o Estado, o Ministerio de Servizos Sociais que pechou todos os servizos da Seguridade Social e derivou todos os trámites aos Concellos, sen aportar financiación. Non está en contra do que di. A quen ten instar é o Estado de acordo coa Lei 39/2006, de 14 de decembro, no Capítulo V. Financiación do sistema e aportación dos beneficiarios, arts. 32 e 33. De acordo con estes artigos inste vostede ao Estado para que incremente o financiamento, para que faga el o copago. No ano 2012 as horas de dependencia eran 13.160 horas e atendíase a 39 usuarios, no ano 2020 as horas son 30.000 e aténdese a 101 usuarios, a maior parte do custe o paga a Xunta de Galicia. Non teñen practicamente problemas neste momento no SAF, están practicamente ao día. Nunca tiveron ningún problema para que se lles incrementasen as horas do SAF, nin por parte do Concello nin por parte da Xunta. Por último, comentar que o concello de Ordes fai cada ano unha aportación exponencial para os servizos sociais mancomunados, o derradeiro ano 2020 foron 300.000 euros. Isto é distribuír segundo as necesidades do servizo e segundo as necesidades que apareceron durante o tempo da pandemia.

Intervén o Sr. Viqueira Nouce, que sinala que lles gustaría que a Sra. García falase máis ilustrativamente e non que os viñese a dar clase. Se fai todo iso, explíqueo de outra maneira que o entenderán mellor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- No pasado pleno de xuño de 2020 a nosa formación política presentou un rogo no que solicitabamos ao señor Alcalde que se “realizase unha revisión dos colectores de lixo do pobo e que se procedese á substitución de aqueles que presentaban un estado de deterioro pouco axeitado para a súa utilización”. A 21 de xaneiro de 2021, moitos dos colectores, que en xuño xa presentaban un mal estado de conservación, seguen igual como se pode ver nas imaxes que achegamos.

Dende Unión por Ordes cremos que as parroquias do noso pobo deben de ter os colectores de lixo en bo estado, non entendemos cal é o motivo para que, 7 meses despois do noso rogo, non se procedese á súa substitución a pesar de que teñen que ser empregados a diario polos veciños/as.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realice unha revisión dos colectores de lixo do pobo e que se proceda á substitución de aqueles que presenten un deterioro evidente.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que non é que se deixase sobre a mesa. No día de onte comezaron os traballos de ancoraxe e de substitución de contedores. Non é un traballo que poida facerse segundo a conveniencia desta concelleira, dependen da empresa que está avisada de que hai que facelo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que deron un prazo normal de un mes para que se substitúan. Achegaron unhas fotos, fixeron un traballo por que entenden que os veciños están a demandar iso. Non lles parece de recibo que teñan sete meses ese tipo de contedores. As parroquias non teñen os mesmos servizos que o pobo e polo menos os colectores de lixo que estean en bo estado.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que dependen de que a empresa lles subministre os contedores para poder facer o cambio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está incluído no contrato do servizo, non é cando lle plazca ao Concello. Unha cousa é que haxa un contedor de reserva e outra cousa e cando se fai o traballo de ancoraxe e de substitución de contedores, que é nunha determinada época segundo o contrato de servizos. Se hai un contedor completamente destrozado faise a substitución.

- Unha das recomendacións máis repetidas polas autoridades sanitarias para reducir os contaxios por coronavirus no interior de establecementos públicos é unha boa ventilación dos locais. Os medidores de CO2 poden servir para evitar a propagación do virus por aerosois en lugares cerrados. O CO2 é producido pola respiración das persoas e unha alta concentración deste gas nun lugar cerrado é un indicador de que necesita ser ventilado.

Os niveis aceptables nun espazo interior estarían entre 500 ppm e 700 ppm, de xeito que un valor superior a 800 ppm (partes por millón) indicáranos que ese lugar require ventilación e evitar así a propagación do virus por aerosois.

Dende Unión por Ordes cremos que estes medidores non teñen un custo elevado e poden servir para alertar se o espazo require ventilación e evitar así posibles contaxios.

Esta é unha máis das medidas preventivas que cremos que se deben adoptar xunta outras que xa expuxemos en plenos anteriores.

Solicitamos o señor Alcalde:

Que se dote deste tipo de medidores a todos os espazos municipais cerrados que poidan supoñer un risco de propagación do virus entre os seus usuarios (oficinas municipais, locais sociais, aulas, biblioteca, ximnasio, ...etc.).

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que teñen un protocolo de actuación. Cónstalles que nalgún colexio hai algún medidor. A súa idea inicial foi comprar filtros para todos os edificios públicos municipais. Postos en contacto coa Consellería de Sanidade e coa Consellería de Educación en setembro 2020 dixerónlles que non tiñan a garantía de que en espazos en que fose posible a súa ventilación fosen idóneos. O que lles piden é ventilación constante e circulante, é a maneira de que circule o aire. Non o descartan, valorárase segundo o que proceda. O medidor ten sentido en espazos cerrados sen ningún tipo de ventilación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que polo custe que teñen poden reflexar unha concentración de CO2. Creen que finalmente poden poñerse nalgún sitio. O que pretenden é que se teña unha garantía de que os locais están cunha certa ventilación. A apertura das fiestras non garante que haxa unha ventilación suficiente. Isto é unha axuda para combater o virus, que evite o contaxio por aerosois na biblioteca, oficinas municipais, ...etc., en espazos públicos nos que se poida dar este contaxio.

- Varios veciños/as que viven na rúa Emilio Pardo Bazán puxéronse en contacto con esta formación política para denunciar o mal estado no que se encontra a rúa,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

(bordillos rotos, plaquetas rotas, fochancas na zona reservada a aparcadoiro dos vehículos, ...etc.), axuntamos imaxes.

Dende Unión por Ordes estamos a favor de que se realicen novas beirarrúas no municipio o igual que estamos a favor de que se manteñan en boas condicións as que xa existen.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se arranxen as beirarrúas da rúa Emilio Pardo Bazán e as zonas de aparcadoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo é contraditorio, están a favor de que se realicen novas beirarrúas, votan en contra dos orzamentos onde se inclúen esas obras e abstéñense no POS+ 2021. Son tres pequenos detalles, non hai por que negalo, repasaranse. É certo que hai unha zona que repisou, afundiou en relación coa obra de R, hai anos que está feita. Haberá que facer unha capa de rodadura, non é de pavimentación. Unha reparación puntual que tan pronto sexa posible tratarán de levala a cabo. Teñen necesidades destas en moitas outras rúas do termo municipal.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que non é contraditorio que se absteñan no POS+ 2021, sempre dixeron que estaban a favor das obras, abstéñense polos puntos que dixeron anteriormente. Levan sete anos no goberno, non sete meses, as rúas hai que arranxalas.

- Un usuario do paseo fluvial que emprega cadeira de rodas púxose en contacto con esta formación política demandando que se arranxe o camiño que transcorre polo paseo á beira do río para que sexa accesible para a cadeira de rodas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se arranxe ese camiño e se adapte para que persoas con mobilidade reducida poidan gozar dese espazo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a resposta a esta actuación pode darlla xente a súa formación política coa que se presentou ás eleccións municipais. Esa actuación non se pode realizar por que a partir da presa non está permitido votar zahorra compactada, nin outro tipo de firme que non sexa a zahorra solta ou area, por que se trata dun espazo de Rede Natura. So se autorizou facer as obras ata onde esta xusto a presa do muíño da Braña, a partir de aí é totalmente inviable por ser unha zona de especial protección e saírse do espazo do proxecto primitivo que no seu día foi financiado pola Deputación da Coruña. Tratarase na medida do posible ter o máis compactado ese terreo co material que ten a día de hoxe, non se pode votar un material consistente que permita un tránsito para a petición que plantexa aquí.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que se trasladaron ao lugar é existen uns pequenos montículos que dificultan o paso, se se poden acondicionar. Se non hai outra solución.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración esta segunda petición.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

- Na rúa Francisco Asorey non existe ningunha papeleira a pé de rúa para o depósito do lixo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A instalación de unha papeleira na rúa Francisco Asorey.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se valorará dita actuación, hai contedores preto. As beirarrúas son bastantes estreitas, pasarán por alí para ver que se pode facer.

- No pasado mes de novembro, o BNG presentaba unha moción na que se denunciaban múltiples erros existentes na web de turismo.gal así como na app "Turismo de Galicia" e que recollía a seguinte proposta de acordo:

Se traslade a Axencia Turismo de Galicia as eivas e erros comentados na exposición de motivos así como outras que se detecten tanto na web turismo.gal como na app "Turismo Galicia" no relativo ao Concello de Ordes e se realice a correspondente actualización de contidos.

A moción ficou aprobada por unanimidade de toda a corporación de Ordes.

Pasados dous meses, podemos que comprobar que na web turismo.gal xa non aparece ningún tipo de contido referente a Ordes, supoñemos que á espera de algunha actualización, que agardemos que non se demore moito máis.

Sen embargo na app, a situación non mudou nada despois de 2 meses: restaurantes ou hoteis que fai décadas que pecharon, información por duplicado, locais de alterne recomendados como restaurantes, rueiro que xa non existe, falta de multitude de elementos patrimoniais ou naturais...etc., en definitiva a imaxe que se traslada de Ordes dista de ser a óptima.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se requira de novo a Turismo de Galicia a actualización tanto da web turismo.gal como da app Turismo de Galicia no referente ao concello de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción no mes de novembro foi trasladada e respostada e pedida colaboración. A Sra. López Varela, concelleira de turismo e a secretaría da Alcaldía fixeron a encomenda que lles trasladaron dende a Secretaría Xeral de Turismo de colaboración cos técnicos da Secretaría Xeral. O requirimento de documentación foi enviado o 20 de xaneiro, por email e de acordo aos criterios fixados por ambas partes. Vamos a darlle un pouco de marxe para que resolvan os cambios. A parte municipal de colaboración esta feita, esperar que sexa efectiva.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que traen novamente este rogo por que se ven na web turismo.gal se modificaron uns contidos totalmente desfasados, pero da a impresión que non se acordaron da app, non a tocaron para nada. Por iso este rogo, para que non se esquezan da aplicación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A marquesiña existente no paseo Iván Raña Fuentes está deteriorada e sen un dos vidros laterais.
É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a unha axeitada reparación da mesma, repoñendo o vidro que falta e substituíndo os elementos deteriorados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o estado desta marquesiña é coñecido xa polo vixiante, non é unha marquesiña de titularidade municipal. Se a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia non resolve o problema terá que facelo o concello polo ben da veciñanza. Van a volver a insistirle ao titular da vía, se non hai outra solución resolverán o problema, así non pode estar.

- Na senda peonil que transcorre do Centro Comarcal cara o lugar das Casillas, existe un farol sen a debida tapa de rexistro, deixando completamente accesibles os circuítos eléctricos da mesma, cos riscos aparellados que supón esta situación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A reparar o farol sinalado, instalando a correspondente tapa de rexistro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha farola que esta nun mal estado, non foi colocada polo Concello, senón que foi instalada pola xente que fixo a urbanización para facer a vía de servizo. A día de hoxe está conectada á rede pública. Esa tapa arranxouse polo menos catro o cinco veces. A raíz da presentación do rogo mandouse por alí á empresa de servizos e repúxose a tapa. Pídelle ao concelleiro delegado de servizos que cando se remate a obra de humanización da rúa do Muíño e teñamos algún báculo desa tipoloxía que se traslade un alí e se retire ese báculo tan antigo. A intención é substituír en breve ese báculo e que se resolva dunha vez esta problemática.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que cree que no Mesón do Vento, na explanada diante da Igrexa cree que hai outra farola sen tapa. Se poden revisar as existentes para a súa colocación, é unha situación de risco.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a situación pode estar derivada dun accidente recente derivado dun seguimento dun coche. Pídelle ao concelleiro delegado de servizos que tome nota para a súa solución canto antes.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

- A ponte que caeu en Buscás, denominada "A Ponte de Trillán", parece que volveu a danarse co paso dun tractor, preguntando ao Sr. alcalde o seguinte:

¿Resultou danada dita ponte?.

De ser afirmativa a resposta, que se repare a ponte para que se facilite o tránsito rodado e peonil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta ponte si foi danada escasamente fai dúas ou tres semanas. Avisaron, foi a policía local e pechouna. Hai un proxecto de xullo de 2017 e autorización de Augas de Galicia de 2018, a autorización desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio pola afección ao Camiño Inglés, non se puido proceder á súa execución. Está pendente de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio para a reparación desa ponte sen empregar formigón, é de pedra, non permiten realizar ningunha ampliación. É unha actuación necesaria por que é unha vía de comunicación importante dos veciños da zona da Rúa para ir ás fincas do parque empresarial ou a Trillán e á zona da Gorita.

- Ante o elevado incremento da incidencia no noso concello de novos casos da enfermidade COVID-19, e vendo que cada vez é mais frecuente, en diferentes concellos, a realización dos chamados “cribados masivos”, nos que se convocan a persoas dunha franxa de idade para realizar unha PCR, podendo controlar precozmente a enfermidade e, principalmente, a detección dos asintomáticos, preguntamos ao Sr. alcalde o seguinte:

¿Ten coñecemento de se van a realizarse, por parte do SERGAS, este tipo de probas á poboación do Concello?.

¿De ser afirmativa a resposta, hai algunha data que se poda adiantar para ser coñecedora a veciñanza do Concello?.

¿Para o caso de non ter coñecemento, hai intención por parte da Corporación de solicitar estas probas?.

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que se solicitou formalmente ao Comité de Xerencia da Zona de Santiago-Barbanza. Pode avanzar que nos próximos días farase un cribado da poboación dos cinco concellos que conforman esta área sanitaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nin Oroso, nin Cerceda están incluídos na nosa área sanitaria. Están a falar de Ordes, Frades, Mesía, Trazo e Tordoia. En Ordes hoxe estamos no punto máis alto, setecentos quince casos activos por cen mil habitantes. Estamos á chegar ao límite do un por cento. A situación é preocupante.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- Tras a recente construción das beirarrúas do Casal, o espazo que quedou destinado a calzada é moi reducido, dous turismos que se encontren de fronte nese traxecto pasan con serias dificultades, sen falar xa dos tractores e maquinaria agrícola que circula a diario por esta vía.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

¿Qué solución se lle vai a dar dende o equipo de goberno a esta problemática?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pensaba que o Sr. Iglesias Vieites ía agradecer esta obra, pero non. Na obra foi feito o levantamento con anterioridade a súa execución. Adáptase á normativa de accesibilidade, cumpre coas normas subsidiarias de planeamento municipal e PXOM aprobado inicialmente. Non se reduciu a sección de rodadura preexistente que se mantén en 4,40 m. Está a criticar unha obra que non ten lóxica ningunha. Non é o mesmo meterse nunha cuneta e agora hai que salvar un bordillo dunha beirarrúa. En 2,20 m pasa sen problema calquera vehículo que vaia a unha velocidade axeitada á vía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Sobre escritos da veciñanza presentados no rexistro xeral do Concello de Ordes, preguntamos ao

Sr. Alcalde o seguinte:

¿Existe algún escrito presentado pola veciñanza nos últimos meses no rexistro xeral do concello de Ordes, onde se solicita o seu envío aos partidos políticos deste concello?.

De ser así, ¿cal é o motivo de que dito escrito non nos fose remitido aos partidos políticos deste concello?.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde que si e pregunta ao Sr. Vidal Ríos se sabe cal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que as preguntas ás formula o concelleiro da oposición. Reitera a pregunta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que consultada esta cuestión co Sr. Secretario informou que non existe obriga legal de facelo. A día de hoxe son coñecedores como o Sr. Vidal Ríos, do que xa era coñecedor antes da súa presentación no rexistro municipal. Indicarlle a calquera veciño que actúa con este sistema que se un veciño quere trasladarlle algo ao seu grupo ou a outro grupo político ten medios electrónicos oficiais a súa disposición, non o ten que facer o departamento de Alcaldía. Non se lle pode dar unha orde ao Alcalde de que lle dea traslado aos grupos políticos. Ante determinados textos con acusacións e difamacións dos que é perfecto coñecedor, pode seguir nesa liña. Acolléuse á consulta co Sr. Secretario e ao feito de que hai medios para chegar aos grupos políticos.

- No pleno ordinario do mes de outubro, na moción presentada polo BNG ao respecto do Polígono Industrial de Merelle, durante a súa intervención o alcalde manifestou que conseguira “despois da bonificación de Xestur, colocar a parcela 85 e 79, que serán 22 ou 23 postos (de traballo) para o verán que ven”, tal e como consta na acta correspondente.

Incluso escoitando a gravación do citado pleno, chega a afirmarse por parte do alcalde “que hai unha empresa disposta a montarse aí, no mes de abril, e que ven do Porriño”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

En xaneiro do ano 2021, despois de dous anos e tres meses, as citadas parcelas seguen baleiras e dos 22 ou 23 postos de traballo para o verán de 2019, nada se soubo.

É polo que preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Considera o alcalde que mentiu cando asegurou que a venda das parcelas 85 e 79 serían 22 ou 23 postos de traballo para o verán que ven?.

¿Qué foi da empresa que estaba disposta a montarse aí no mes de abril do ano 2019 e que viña do Porriño?.

¿Por qué motivo o concello de Ordes non leva a cabo o compromiso que asumiu para o soterramento da liña de media tensión que atravesa de xeito aéreo o Polígono Industrial de Merelle sobre a parcela 79?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non mentiu por que esa era a información que tiña nese momento e oxalá fose realidade ansiada para entón. Ten os compromisos das empresas de adquisición dos terreos asinados e os avais bancarios correspondentes para eses postos de traballos referidos, a inversión prevista e a cifra de negocios. Xa sabe que isto a vostede non lle sirve, pero se de antemán lle traen esa documentación e lla presentan. Considera que se pode fiar e dar traslado dela. Era beneficioso nese momento que a parcela 47 fose vendida. Non é a 85 que é de titularidade municipal. As parcelas que se venderon foron a 47 e 79. A parcela 47 foi vendida co prezo de bonificación máxima 20,50 €/m², prezo 112.000 €. A parcela 79 que ten a liña eléctrica foi vendida por 70.400 €. Unha das empresas con sede social en Vigo pero con actividade en Porriño. O empresario asistiu ás reunións cos empresarios o 5 de novembro a escasos días do debate desta moción no pleno, na que ratificou o seu interese de instalarse en Ordes diante dos empresarios que se acercaron par formalizar o acordo de ampliación do parque empresarial de Merelle. Insiste en que non quixo mentir nin mentiu, que non se conseguiu e non se deu traslado do que aquí estaba posto, é certo, é evidente. Nese momento tiñan intención de montarse, viu a cifra de postos directos e indirectos, había os compromisos de adquisición das fincas e estaban os avais depositados para poder levar a cabo as actuacións. Nin os proxectos están feitos, nin sabe o que vai a acontecer con elas. Falando cun dos empresarios comenta que non puido desenvolver o proxecto que tiña previsto, insiste en que non o desbota. Está en prazo de poder cumprilo, na parte de once postos. O concello de Ordes non levou a cabo o compromiso de soterramento da liña eléctrica, se ve a acta, pasou moito tempo. Vai a facerse unha actuación importante para dotar dun centro de transformación en Nouche, Beán. Hai un problema importante na valoración da actuación. Cando se asinou o convenio con Xestur para poder adquirir a parcela do vial da rolda leste para introducila no parque empresarial a valoración foi de 32.000 euros, pasaron anos, non se cumpriu o compromiso, con posterioridade en 2018 a valoración de Fenosa para esta actuación era de 159.000 euros, máis do dobre da valoración da parcela completa. O concello de Ordes non pode desembolsar 159.000 euros por soterra esa liña. Hai que loitalo anta a última consecuencia, ben sexa con Xestur ou con quen faga falta, nestas leas estamos e nestas leas seguimos. A día de hoxe é o terceiro delegado de Naturgy que temos na provincia da Coruña, a relación foi cordial con todos, non se puido chegar aínda a unha solución satisfactoria, sentámonos a negociar en varias ocasións, o concello segue a defender que ten que facer a aportación de 32.000 euros, todo o que pase desa cantidade o terá que asumir Naturgy ou quen corresponda. Nesas estamos a día de hoxe, sen poder pechar esa actuación. O titular dos terreos está perfectamente informado, asistiu a varias reunións no parque empresarial e na Coruña na sede de Naturgy. Está pendente de tratar varios asuntos co novo Delegado, espera chegar a un acordo satisfactorio con isto, é algo que queremos arranxar para cumprir o compromiso adquirido con Xestur vía convenio. Sabe que a única solución que lle vai a valer é



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

que se fagan esas obras, non a documentación que tivo á vista para información no seu momento. Está no seu dereito de acusarme do que considere. Segue a dicir que non mentiu por que se baseou en información oficial, que lle foi trasladada. A previsión que había non se puido levar a cabo, seguen a intentar que se poida levar a cabo tanto esa como noutras parcelas que non están edificadas a día de hoxe no parque empresarial.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **trinta e seis** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias